



IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

PROGRAMACIÓN D I D Á C T I C A

DA MATERIA DE:

Economía da Empresa

DEPARTAMENTO

NIVEL

CURSO

Economía

BACHARELATO

2º

Curso 2022 - 2023

Addenda marzo
2023

Índice:

1. Introducción: normativa e contextualización.....	3
2. Obxectivos da materia	4
3. Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave	7
4. Secuenciación e temporalización dos contidos	11
5. Concreción dos estándares de aprendizaxe: relación entre contidos, grao mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación	16
6. Metodoloxía didáctica	25
7. Materiais e recursos didácticos	26
8. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado (addenda marzo 2023)	27
9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar	30
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	31
11. Medidas de atención á diversidade	33
12. Elementos transversais	35
13. Actividades complementarias e extraescolares	37
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación	37
15. Accións de contribución ao proxecto lector	39
16. Accións de contribución ao proxecto TIC	42
17. Accións de contribución ao plan de convivencia	44
18. Información ao alumnado e ás familias	45

1. Introducción: normativa e contextualización

Normativa

Economía da Empresa é unha materia **troncal de opción** no segundo curso de Bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

Para a elaboración desta programación tívose en conta o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, que establece o currículo básico do bacharelato, o **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Así, Economía da Empresa é unha materia dirixida a alumnado de 2º de bacharelato e conta con 4 horas lectivas semanais.

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, neste centro decidiuse que esta materia será impartida en castelán.

Xustificación

Economía da empresa é unha aproximación á **realidade empresarial**. A empresa é unha entidade en constante transformación que se adapta aos sucesivos cambios sociais, tecnolóxicos, políticos etc., innovacións que, á súa vez, xeran progresos sociais, pero tamén inconvenientes e incertezas que deben ser valoradas. Esta materia é un compendio de contidos relacionados coa xestión empresarial que inclúe múltiples aspectos procedentes de diversas áreas de coñecemento que parten da economía, pero que necesitan igualmente nocións de dereito, matemáticas, socioloxía, psicoloxía, tecnoloxía, teoría da información e comunicación, etc.

A sociedade esixe cada vez con máis forza das empresas que teñan actuacións respectuosas co medio, cos dereitos dos traballadores, coa seguridade e hixiene no traballo, coa libre competencia, que eviten a deficiente ou enganosa información nos produtos etc. Por iso, preténdese inculcar no alumnado unha actitude crítica sobre aspectos da realidade social e empresarial.

Ademais, Economía da Empresa introduce ao alumnado no funcionamento do mundo empresarial, ámbito co que se vai relacionar ao longo da súa vida, co que lle vai **facilitar a súa incorporación á vida laboral**.

Contexto

Características do centro

O Instituto de Ensino Secundario “Antón Losada Diéguez”, no cal se enmarca esta programación, está situado no Concello de A Estrada, Pontevedra, a un quilómetro do centro urbano, na zona coñecida como “deportiva” onde se atopan os pavillóns deportivos, piscina, pistas de tenis e campo de fútbol. Forma, xunto cos outros dous institutos, IES N°1 e García Barros, e a Academia Galega de policía, unha pequena cidade escolar. A maioría dos equipamentos sociais, culturais e deportivos ubícanse no entorno urbano da vila

A Estrada é un concello de máis de 20.000 habitantes, caracterizado polo distribución da súa poboación en en 50 parroquias (onde reside aproximadamente o 60% da súa poboación) e a vila. O alumnado propio do IES Antón Losada provén maiormente das parroquias, se ben unha parte dos alumnos e alumnas do Centro procede dos concellos limítrofes.

No ámbito produtivo da Estrada - datos IGE 2019- destacan as Pequenas e Medianas empresas, aínda que tamén están asentadas algunhas grandes empresas con máis dun centenar de empregados cada unha. A base da economía local é o sector servizos (58.7% das empresas locais), sendo importante tamén o sector primario agro-gandeiro (17% das empresas) e a construción (15%).

A economía familiar local -INE 2021- susténtase maioritariamente no traballo por conta allea (63,3%), fronte ao 32,2% baseada en traballo por conta propia.

Características do Departamento de Economía

A organización do Departamento de Economía é unipersoal.

2. Obxectivos da materia

No **Decreto 86/2015** sinálanse os obxectivos do bacharelato no artigo 26:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial

referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Os **obxectivos xerais propostos para a materia** son os seguintes:

- Entender a lóxica das decisións empresariais, valorando as súas consecuencias desde un punto de vista social, ético e ambiental.
- Coñecer as características máis relevantes e o funcionamento dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.
- Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
- Comprender as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía.
- Ser capaz de empregar con corrección a linguaxe de economía da empresa nas dúas linguas oficiais: galego e castelán.
- Coñecer os dereitos e obrigas laborais, valorando a necesidade da conciliación da vida laboral e familiar e importancia da prevención dos riscos laborais.
- Coñecer o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
- Obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.
- Ser capaz de analizar a actividade económica das empresas, en especial as

galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa.

- Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas como xeradoras de emprego e como motores do desenvolvemento económico e social.

No apartado seguinte detállanse como a materia de **Economía da Empresa** contribúe ao logro dos **obxectivos** xerais do bacharelato e as competencias clave en cada estándar de aprendizaxe, segundo o **Decreto 86/2015**.

3. Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave

As **competencias clave** do currículo serán as seguintes:

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

A materia de Economía contribúe á adquisición das seguintes competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia está presente en todas as unidades: para coñecer que é a empresa e cáles son os seus obxectivos e funcións; coñecer os criterios para clasificar as empresas e as súas diferenzas; estudar o marco xurídico que afecta ás empresas (mercantil, laboral e fiscal principalmente); explicar o funcionamento das áreas nas que se pode dividir a actividade das empresas; describir as principais obrigas contables; diferenciar as fontes de financiamento empresarial; reflexionar sobre a ética dos negocios e a responsabilidade social empresarial; etc.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Utilizarase

esta competencia para; determinar a eficiencia técnica e económica; analizar e interpretar graficamente ingresos, custos e beneficios empresariais; calcular os custos empresariais e analizarlos graficamente; calcular a produtividade e analizar as variacións da mesma; realizar fichas de control de inventarios segundo diversos métodos de valoración; calcular o volume óptimo de pedido dunhas existencias; calcular e interpretar a viabilidade de

proxectos de investimento sinxelos segundo varios métodos; elaborar balances e contas de perdas e ganancias e analizar ditas contas anuais, etc. Tamén a competencia en ciencia e tecnoloxía se vai desenvolver dende esta disciplina, xa que será imprescindible para manexar indicadores económicos, ou os problemas ambientais e a súa consideración como variable na toma de decisións económicas.

Competencia dixital

Esta competencia supón o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar obxectivos profesionais e persoais, que permiten ser competente nun ámbito dixital. Desenvolve destrezas relacionadas co acceso á información, a creación de contidos e a resolución de problemas en todo tipo de contextos. Utilizarase esta competencia para coñecer os cambios máis recentes no escenario económico mundial; coñecer como acceder ás novidades legislativas que afectan ás empresas; investigar casos reais de mercados; interpretar a información de diferentes variables macroeconómicas e estudar a súa evolución no tempo; establecer comparacións entre as distintas estratexias empresariais; investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; etc. Tamén se desenvolve esta competencia empregando aplicacións informáticas especializadas na xestión empresarial.

Competencia de aprender a aprender

Esta competencia permite a aprendizaxe permanente ao longo da vida, que esixe, a capacidade para motivarse por aprender e require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe. As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse ao comparar as distintas formas de abordar a resolución de problemas económicos en diversas situacións; estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial no ámbito; valorar a influencia dos mercados sobre as empresas; valorar a relación entre educación e a posibilidade de obter un emprego e a súa evolución no tempo; recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; etc. Sendo o obxecto de estudo tan cambiante, é imprescindible esta competencia cara o futuro.

Competencia sociais e cívicas

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, que permiten interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. A competencia social está relacionada co benestar social e colectivo e favorece actitudes e valores como a integridade e a honestidade.

Alcanzaranse as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia, cando se estuden os obxectivos e funcións das empresas; ao explicar a función da empresa como creadora de utilidade; cando se compara o funcionamento dos diversos tipos de mercados; ao analiza as distintas estratexias empresariais; ao examinar as estratexias de comunicación das empresas; ao estudar as obrigas fiscais e contables; a estudar as consecuencias da actividade empresarial sobre o emprego e a prevención de riscos laborais; ou ao analizar as distintas políticas do Estado cara ás empresas. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento das sociedades e ,en particular, da súa organización económica.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. A súa adquisición é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuindo así á cultura do emprendemento. Nesta materia abordarase, coa necesidade de tomar decisións, de elixir e coa análise e interpretación dos obxectivos e funcións das empresas: o estudio da eficiencia técnica e económica e de produtividade; o coñecemento dos diferentes custos que soporta; a valoración da formación como elemento clave na obtención de emprego e mellora dos salarios; a investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; a valoración do papel do sistema financeiro como canalizador do aforro ao investimento; ao describir os efectos dos tipos de xuro; a análise das implicacións e efectos da globalización económica e o estudio das consecuencias do crecemento económico sobre a repartición da riqueza.

Competencia de conciencia e expresións culturais

En canto que implica coñecer, comprender e valorar criticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron historicamente as distintas respostas das sociedades ás súas necesidades, esta competencia está presente, tanto desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e a liberdade de expresión, como na capacidade para desenvolver a creatividade a través da

comunicación de ideas, detección de necesidades e o seu xeito de resolvelas, condicionado por a visión cultural e social que se ten. Tamén co estudo das distintas formas publicitarias e outras estratexias de comunicación empresarial.

A continuación, mostramos os estándares de aprendizaxe avaliados e como contribúen a adquisición das competencias clave e dos obxectivos na etapa, segundo o Decreto 86/2014, formando o **perfil competencial** da materia

Obxectivos	Estándares aprendizaxe	Competencias clave						
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
a d i l m	EEB1.1.1.		X	X			X	
	EEB1.1.2.		X	X				
	EEB1.1.3.		X	X	X			
	EEB1.1.4.	X					X	
a, d, h, i l, m, p	EEB1.2.1.		X	X		X	X	
	EEB1.2.2.			X		X	X	
	EEB1.2.3.					X	X	
d i l m	EEB2.1.1.	X	X					
	EEB2.1.2.		X	X			X	
	EEB2.1.3.	X	X				X	
	EEB2.1.4.		X	X	X			
	EEB2.1.5.					X	X	
	EEB2.1.6.	X	X			X		
	EEB2.1.7.		X	X		X		
d i l m p	EEB3.1.1.		X			X		
	EEB3.1.2.	X	X				X	
	EEB3.1.3.		X	X			X	
	EEB3.1.4.			X	X	X	X	
	EEB3.1.5.		X		X		X	
	EEB3.1.6.				X	X	X	
a, i, l, m	EEB4.1.1.		X	X				
	EEB4.1.2.		X			X		
	EEB4.1.3.		X		X	X		
i l m	EEB4.2.1.		X	X				
	EEB4.2.2.		X	X				
	EEB4.2.3.		X	X				
	EEB4.2.4.		X				X	
i l m	EEB4.3.1.		X	X				
	EEB4.3.2.		X	X				
	EEB4.3.3.			X			X	

Obxectivos	Estándares aprendizaxe avaliados	Competencias clave						
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
d h i l m	EEB5.1.1.						X	
	EEB5.1.2.		X	X	X			
	EEB5.1.3.		X	X		X	X	
	EEB5.1.4.	X	X					
	EEB5.1.5.		X	X				
	EEB5.1.6.		X	X		X		
	EEB5.1.7.	X	X					
	EEB5.1.8.		X	X		X		
d g h i l m	EEB6.1.1.		X				X	
	EEB6.1.2.		X					
	EEB6.1.3.				X			
	EEB6.1.4.		X					
	EEB6.1.5.				X		X	
	EEB6.1.6.		X	X				
	EEB6.1.7.		X				X	
	EEB6.1.8.				X		X	
	EEB6.1.9.		X	X				
	EEB6.1.10.		X	X			X	
a, c, d h, i, l m	EEB6.2.1.		X				X	
	EEB6.2.2.	X	X					
	EEB6.2.3.					X		
d g i l m	EEB7.1.1.		X	X			X	
	EEB7.1.2.		X	X				
	EEB7.1.3.	X	X					
	EEB7.1.4.		X	X	X			
	EEB7.1.5.		X		X		X	
	EEB7.1.6.		X				X	
	EEB7.1.7.		X		X			
	EEB7.1.8.		X	X				
	EEB7.1.9.	X	X				X	
	EEB7.1.10.		X	X	X			
Totais		10	49	30	14	15	27	0

4. Secuenciación e temporalización dos contidos

Os sete bloques de contidos do currículo, divídense en 10 unidades didácticas. Na súa secuenciación tívose en conta a complexidade da materia e o equilibrio no reparto de contidos teóricos e prácticos nas tres avaliacións.

Bloque de contidos	Estándares aprendizaxe	Unidades Didácticas: contidos	Relación libro de texto	Sesións	Avaliación
BLOQUE 1. A EMPRESA <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a. ▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B1.3. Clases de empresas. ▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.- 	EEB1.1.1. EEB1.1.2.	1. A empresa e o empresario. Introducción á economía da empresa. Concepto de empresa: como unidade de produción (creadora de valor), como axente económico e como sistema. Teorías e evolución do concepto de empresario. Compoñentes ou elementos. Os obxectivos das empresas. Funcionamento: áreas funcionais ou de actividade.	Tema 1	7	1ª avaliación
	EEB1.1.3. EEB1.1.4.	2. Normas mercantís. Clases de empresas. Forma xurídica da empresa O marco xurídico da empresa. Normas mercantís. Código de Comercio. Rexistro Mercantil. Signos distintivos da empresa: nome comercial, rótulo do establecemento e marca. Propiedade industrial. Criterios de clasificación das empresas: participación do estado na propiedade, tamaño, actividade, tipo de mercado, sector de actividade. As empresas segundo a súa forma xurídica.	Tema 2	8	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Contorno da empresa. ▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. ▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. 	EEB1.2.1. EEB1.2.2. EEB1.2.3.	3. Interrelacións co contorno Produción e valor engadido. Contorno ou ámbito empresarial: xeral e específico. O sector. Liderado, cota de mercado. Esquema das cinco forzas competitivas de Porter. A responsabilidade social da empresa (traballadores, sociedade,	Tema 3	7	

Bloque de contidos	Estándares aprendizaxe	Unidades Didácticas: contidos	Relación libro de texto	Sesións	Avaliación
		consumidores, medio ambiente). Externalidades da produción, custo privado e social, externalidades positivas e negativas. O balance social: concepto, obxectivo e indicadores.			2ª avaliación
BLOQUE 2. DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial. ▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo. ▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. ▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía. ▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. ▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. 	EEB2.1.1. EEB2.1.2. EEB2.1.3. EEB2.1.4. EEB2.1.5. EEB2.1.6. EEB2.1.7.	4. Desenvolvemento das empresas e estratexia empresarial Factores de localización espacial da empresa: localización de actividades industriais, localización de actividades comerciais e de servizos. A dimensión empresarial: concepto (Dimensión, capacidade produtiva e ocupación) e criterios de medición. As estratexias de especialización e de diversificación para o crecemento. Estratexias de crecemento interno e crecemento externo. A concentración e a cooperación entre empresas. Análise interna da empresa: a cadea de valor. Principais estratexias competitivas da empresa. As PEME: vantaxes e inconvenientes. As empresas multinacionais: características e factores de desenvolvemento. Globalización e importancia das TIC no desenvolvemento empresarial.	Tema 3	12	
BLOQUE 4. A FUNCIÓN PRODUTIVA <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. 	EEB4.3.1. EEB4.3.2. EEB4.3.3.	5. A función de aprovisionamento Os inventarios ou stocks da empresa. O custo dos inventarios: de almacenamento, reposición e ruptura de stock. Modelos de xestión de inventarios: Wilson, Just in Time e ABC. Valoración de inventarios: Métodos PMP, FIFO e LIFO	Tema 7	12	

Bloque de contidos	Estándares aprendizaxe	Unidades Didácticas: contidos	Relación libro de texto	Sesións	Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Produción e proceso produtivo. B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. 	<p>EEB4.1.1. EEB4.1.2. EEB4.1.3.</p>	<p>6. A Función produtiva O proceso de produción. A cadea de valor. Tipoloxía de sistemas produtivos: Produción para o mercado-produción sobre pedido, produción artesanal e produción en serie. Eficiencia técnica e económica. Produtividade: dun factor e global, taxas de variación, índices de produtividade. Causas do crecemento da produtividade. Formas de adquisición da tecnoloxía (desenvolvemento interno, adquisición exterior, alianzas estratéxicas). I+D+i Os sistemas de xestión de calidade na produción. Planificación e control da produción: PERT e Diagrama de Gantt. Os custos fixos, variables, totais e medios. Custos directos e indirectos. Ingresos e beneficios. Estrutura de custes. Limiar de rendibilidade ou punto morto. A decisión de producir ou comprar.</p>	Tema 6	12	
<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. 	<p>EEB4.2.1. EEB4.2.2. EEB4.2.3. EEB4.2.4.</p>				
<p>BLOQUE 5. A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA</p> <ul style="list-style-type: none"> B5.1. Departamento comercial da empresa B5.2. Concepto e clases de mercado. B5.3. Técnicas de investigación de mercados. B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. 	<p>EEB5.1.1. EEB5.1.2. EEB5.1.3. EEB5.1.4. EEB5.1.5. EEB5.1.6. EEB5.1.7. EEB5.1.8.</p>	<p>7. A función comercial e marketing mix O departamento comercial e a evolución da actividade comercial. Concepto de mercado e tipos. Investigación de mercados (fontes de información, fases e métodos). Segmentación de mercados: concepto e variables utilizadas. O posicionamento. O marketing mix. A política de produto. Concepto Ciclo de vida do produto. Política de prezos. Prezos baseados nos custos e prezos baseados na oferta e na demanda. Política de comunicación ou promoción dun produto (venta persoal, promoción de vendas, relacións públicas, <i>merchandising</i> e publicidade. Publicidade desleal e outras prácticas inadecuadas. Política de distribución (canles de distribución e intermediarios comerciais) Marketing e ética empresarial. Aplicación das TIC ao marketing.</p>	Tema 8	12	2ª avaliación

Bloque de contidos	Estándares aprendizaxe	Unidades Didácticas: contidos	Relación co libro de	Sesiós	Avaliación
<p>BLOQUE 6. A INFORMACIÓN NA EMPRESA</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa. ▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. ▪ B6.3. Resultados da empresa. ▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. ▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. ▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento 	<p>EEB6.1.1. EEB6.1.2. EEB6.1.3. EEB6.1.4. EEB6.1.5. EEB6.1.6. EEB6.1.7. EEB6.1.8. EEB6.1.9. EEB6.1.10. EEB6.2.1. EEB6.2.2. EEB6.2.3.</p>	<p>8. Contabilidade e fiscalidade</p> <p>O patrimonio, os seus compoñentes: bens, dereitos, obrigas e o neto patrimonial. A identidade básica do patrimonio.</p> <p>Os elementos do patrimonio e as masas patrimoniais. Clasificación, prazo e estrutura. Principais criterios de valoración dos elementos patrimoniais.</p> <p>Obrigas contables: libros contables obrigatorios, verificación e presentación das contas anuais (Auditoría de contas, Rexistro mercantil). PXC.</p> <p>O balance de situación: contido e forma.</p> <p>A conta de resultados: contido e forma.</p> <p>Memoria, Estado de Cambios no Patrimonio Neto e Estado de Fluxos de Efectivo.</p> <p>Estrutura económica e financeira da empresa e a súa análise no balance. Fondo de manobra. Concepto, significado e importancia para as empresas.</p> <p>Os tipos de equilibrio na empresa. Equilibrio total, estabilidade, desequilibrio e desequilibrio total. Concepto, representación gráfica e consecuencias. As medidas legais: o concurso de acredores.</p> <p>Análise da formación de resultados (Beneficios antes de intereses e impostos, Beneficios antes de impostos e Beneficios despois de impostos).</p> <p>Principais ratios económico-financeiros: liquidez, solvencia e endebedamento.</p> <p>Ratios de rendibilidade da empresa (Rendibilidade económica e Rendibilidade financeira.).</p> <p>A fiscalidade que afecta ás empresas: Tributos: concepto, clases. Impostos: concepto e clases.</p> <p>Fiscalidade do empresario individual: IRPF, IVE. Fiscalidade do empresario social: Imposto sobre sociedades e IVE.</p>	<p>Tema 9 Tema 10</p>	<p>20</p>	<p>3^a avaliación</p>

Bloque de contidos	Estándares aprendizaxe	Unidades Didácticas: contidos	Relación libro de texto	Sesións	Avaliación
BLOQUE 7. A FUNCIÓN FINANCEIRA <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. ▪ B7.2. Concepto e clases de investimento. ▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. ▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. ▪ B7.5. Ciclos da empresa. ▪ B7.6. Período medio de maduración. 	EEB7.1.1. EEB7.1.2. EEB7.1.3. EEB7.1.4. EEB7.1.5. EEB7.1.6. EEB7.1.7. EEB7.1.8. EEB7.1.9. EEB7.1.10.	9. A función financeira Concepto de investimento e tipos (curto-longo prazo, financeiros-productivos. Elementos dun proxecto de investimento. Conceptos de capitalización e actualización. Valoración e selección de proxectos de investimento: prazo de recuperación, VAN e TIR. (Cálculo, interpretación, vantaxes e inconvenientes). Fontes de financiamento: financiamento externo a curto prazo (Provedores, créditos bancarios a curto prazo, desconto comercial e <i>factoring</i>), financiamento externo a longo prazo (préstamos, empréstitos, ampliacións de capital, leasing), financiamento interno ou autofinanciamento (amortización e reservas). O autofinanciamento. Concepto, tipos, vantaxes e desvantaxes. O mercado financeiro, funcionamento, axentes, activos e intermediarios. A bolsa. Ciclo de explotación e período medio de maduración.	Tema 11	12	3 ^a avaliación
BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. ▪ B3.2. Funcións básicas da dirección. ▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas. ▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. ▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. ▪ B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. 	EEB3.1.1. EEB3.1.2. EEB3.1.3. EEB3.1.4. EEB3.1.5. EEB3.1.6.	10. As funcións de dirección e de RR.HH Concepto de organización. Principios básicos da organización Funcións de dirección: planificación, organización, xestión e control. Concepto de planificación estratéxica. Análise DAFO. Organización formal e informal. Estruturas básicas: lineal, funcional, en liña e <i>staff</i> , por comité. As xestión de recursos humanos. Motivación: Teoría de Maslow; Teoría de Herzberg. Normas laborais: Dereitos e obrigas do traballador. A conciliación da vida laboral e familiar. Contrato de traballo, tipos (de duración determinada, a tempo parcial, formativos, indefinidos). Causas de suspensión e extinción. Concepto de convenio colectivo. Obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social. A prevención de riscos laborais. Conflicto laboral. Negociación, mediación e arbitraje.	Tema 4 Tema 5	10	

O resto de sesións asignadas á materia serán empregadas na realización de probas, actividades extraescolares ou imprevistos.

5. Concreción dos estándares de aprendizaxe: relación entre contidos, grao mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia

Para superar a materia hai que demostrar un **grao mínimo do 50% de consecución** en cada un dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, salvo nos considerados como complementarios, nos que non haberá mínimo. Considérase que todos os estándares teñen o **mesmo peso ou ponderación**.

O procedemento de cualificación detállase no apartado 8 desta programación.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe serán os seguintes:

PROCEDEMENTOS:	INSTRUMENTOS:
<p>PROBAS ESCRITAS (PE) Faranse un mínimo de dúas probas por avaliación. Serven para avaliar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Os contidos que deben ser reforzados. A organización do propio proceso de ensinanza aprendizaxe. <p>Tamén serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades.</p>	<p>Obxectivas, con preguntas moi concretas. Abertas, con preguntas ou temas nas que o alumno debe construír as respostas. Resolución de problemas.</p>
<p>ANÁLISE DE PRODUCIÓNS DO ALUMNADO (AP) Resumos, esquemas e mapas conceptuais. Producións orais. Traballos de investigación. Exercicios e actividades: test, cuestións teóricas, resolución de problemas Análise de noticias de actualidade Análise de gráficos e mapas,...</p> <p>Poden ser orais ou escritas, en papel ou mediante a Aula Virtual. As producións desenvolvidas mediante a aula virtual presentan algunhas vantaxes como a interactividade e a inmediatez de coñecer a cualificación.</p> <p>Poden ser investigacións ou traballos de aplicación.</p> <p>Poden ser realizados en clase (preferentemente) ou na casa.</p> <p>Poden ser individuais ou en grupo.</p>	<p>Pódese utilizar: listas de control, escalas de observación, fichas de autoavaliación, ficha de traballo individual ou grupal, informes de tarefas,...</p> <p>Serven para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> A calidade, a exposición, a coordinación, o interese, a capacidade crítica e participación en debates e a iniciativa para realizar indagacións. A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos, ademais da aplicación práctica dos mesmos. A corrección á hora de presentar os traballos e actividades. A busca e selección da información de distintas fontes. A capacidade de síntese e análise. A asistencia e seguimento das unidades didácticas e dos exercicios propostos. <p>Tamén serven para ensinar ao alumnado a responder ás preguntas e construír argumentos.</p>

PROCEDEMENTOS:	INSTRUMENTOS:
<p>OBSERVACIÓN DIRECTA (OD) Serve para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A participación activa na clase. • O interese polo traballo. • O uso ordenado de todo o material entregado. • A orde e o método ao realizar as tarefas. • O respecto e tolerancia cos compañeiros. • A coordinación e comunicación nos grupos de traballo. • A creatividade e a expresión das propias ideas. • A capacidade de busca de solucións a problemas. • A asistencia e puntualidade. 	<p>Escalas de observación Por categorías (Sempre, Ás veces, Nunca), numérica (de 1 a 4, de 1 a 5, ou de 1 a 10) ou descritiva (frases como "Traballa e trae o material pero non toma iniciativas" ou "Suxire ideas e traballa axeitadamente").</p> <p>Listas de control Caracterízase por aceptar soamente dúas características: si ou non, lógrao ou non o logra.</p> <p>Rexistro anecdótico Recollen comportamentos non previsibles que achegan información cualitativa significativa para valorar carencias ou actitudes positivas.</p> <p>Diarios de clase Rexistro das tarefas diarias realizadas en clase.</p>
<p>INTERCAMBIOS ORAIS COS ALUMNOS (IO) Serve para o seguimento dos avances e dificultades sobre o aprendizaxe dos contidos:</p> <p>Preguntas de exploración en clase Serven para informar sobre o dominio dos conceptos por parte do alumnado e a súa capacidade de expresión oral.</p> <p>Entrevista, diálogo, posta en común...O diálogo co alumnado (individual ou en grupo) serven para o seguimento dos avances e as dificultades sobre o aprendizaxe.</p>	<p>Empregarase listas de control, fichas de coavaliación,...</p> <p>Non é necesario empregar instrumentos se se trata de episodios breves.</p> <p>No caso das preguntas de exploración formuladas pola profesora, levarase unha lista de control. Ten o obxectivo de fomentar a participación na aula e a atención do alumnado.</p>

Feitas estas aclaracións, na táboa seguinte procederanse a desenvolver os estándares de aprendizaxe avaliáveis, vinculando con cada un deles cos seguintes aspectos:

Os criterios de avaliación e competencias clave indicados no currículo.

- ⇒ As unidades didácticas nas que se divide a materia.
- ⇒ O grao mínimo de consecución: en xeral do 50%, salvo nos considerados complementarios (C) nos que non se establece un mínimo.
- ⇒ Os instrumentos de avaliación a empregar (o reparto entre as producións do alumnado e as probas escritas; a observación directa e os intercambios orais empregaranse para o redondeo da cualificación).

Se a situación epidemiolóxica o require, en caso de confinamento que impida a avaliación presencial, os instrumentos de avaliación basearanse nos mecanismos previstos na aula virtual do centro (traballos de investigación, tarefas con preguntas cortas, cuestionarios, tipos test, verdadeiro e falso...).

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.	CD CMCCT CSIE	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	1. A empresa e o empresario.	50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.		50%	90%	10%
	CAA CD CMCCT	EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	2. Normas mercantís. Clases de empresas. Forma xurídica da empresa	50%	90%	10%
	CCL CSIEE	EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.		50%	90%	10%
B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.	CD CMCCT CSC CSIEE	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	3. Interrelacións co contorno	50%	90%	10%
	CD CSC CSIEE	EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.		50%	90%	10%
	CSC CSIEE	EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.		50%	90%	10%

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.	CCL CMCCT	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	4. Desenvolvemento das empresas e estratexia empresarial	50%	90%	10%
	CD CMCCT CSIEE	EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.		-	-	100%
	CCL CMCCT CSIEE	EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.		50%	90%	10%
	CAA CD CMCCT	EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.		50%	90%	10%
	CSC CSIEE	EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.		50%	90%	10%
	CCL CSC CMCCT	EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.		50%	90%	10%
	CD CMCCT CSC	EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.		50%	90%	10%

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.	CMCCT CSC	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	5. A función de aprovisionamento	50%	90%	10%
	CCL CMCCT CSIEE	EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.		50%	90%	10%
	CD CMCCT CSIEE	EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.		50%	90%	10%
B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i.	CAA CD CSC CSIEE	EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	6. A Función produtiva	50%	90%	10%
	CAA CMCCT CSIEE	EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.		-	-	100%
	CAA CSC CSIEE	EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.		-	-	100%
B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.	CD CMCCT	EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.		50%	90%	10%
	CMCCT CSC	EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.		50%	90%	10%

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
	CAA CMCCT CSC	EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.		50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.		50%	90%	10%
B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.	CD CMCCT	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	7. A función comercial e marketing mix	50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.		50%	90%	10%
	CMCCT CSIEE	EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.		-	-	100%
	CD CMCCT	EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.		50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.		50%	90%	10%
	CMCCT CSIEE	EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.		50%	90%	10%
	CSIEE	EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.		50%	90%	10%
	CAA CD CMCCT	EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.		50%	90%	10%

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.	CD CMCCT CSC CSIEE	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	8. Contabilidade e fiscalidade	50%	90%	10%
	CCL CMCCT	EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.		50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.		50%	90%	10%
	CD CMCCT CSC	EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos.		50%	90%	10%
	CCL CMCCT	EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.		50%	90%	10%
	CD CMCCT CSC	EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.		-	-	100%
	CMCCT CSIEE	EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.		50%	90%	10%
	CMCCT	EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.		-	-	100%
	CAA	EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.		50%	90%	10%
	CMCCT	EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.		50%	90%	10%
B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e	CAA CSIEE	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.		50%	90%	10%

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
explicar os impostos que afectan as empresas.	CMCCT CD	EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.		50%	90%	10%
	CMCCT CSIEE	EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.		-	-	100%
B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada.	CAA CSIEE	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	9. A función financeira	50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.		50%	90%	10%
	CD CMCCT CSIEE	EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.		50%	90%	10%
	CMCCT CSIEE	EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.		50%	90%	10%
	CCL CMCCT	EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.		50%	90%	10%
	CSC	EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.		50%	90%	10%
	CD CSIEE CMCCT	EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.		50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.		50%	90%	10%
	CCL CMCCT	EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.		50%	90%	10%

Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Unidades didácticas	Grao mínimo	INSTRUMENTO AVAL.	
					Probas escritas	Producións alumnado
	CAA CD CMCCT	EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.		50%	90%	10%
B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados.	CAA CMCCT CSIEE	EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	10. As funcións de dirección e de RR.HH	50%	90%	10%
	CMCCT CSIEE	EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.		50%	90%	10%
	CAA CMCCT	EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as interrelacións.		50%	90%	10%
	CD CMCCT	EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.		-	-	100%
	CCL CMCCT CSIEE	EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.		-	-	100%
	CMCCT CAA CD	EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.		-	-	100%

6. Metodoloxía didáctica

Aspectos xerais:

A análise económica e xurídica utiliza unha **linguaxe específica e precisa** que non sempre se fai accesible ás persoas non iniciadas. Existen coñecementos previos nos alumnos que estudaron Economía en primeiro de bacharelato.

O proceso de aprendizaxe programouse na realización dunha serie de actividades de forma individual ou en grupo coas que se pretende iniciar ao alumnado no proceso de **autoaprendizaxe** desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación e manexo de información. Trátase de que o alumnado non só adquira os coñecementos obxecto desta materia, senón tamén que logre **autonomía na construción do seu propio coñecemento**, o que é esencial nunha materia que evoluciona tan rápido.

Estratexias metodolóxicas:

As estratexias **expositivas** consisten na presentación ao alumnado dun coñecemento xa elaborado; nelas os traballos prácticos teñen a función de ilustrar e comprobar o exposto polo profesora..

As estratexias de **indagación** buscan enfrontar ao alumnado con problemas e cuestións nos que se debe aplicar reflexivamente conceptos. As técnicas poden ser variadas: estudio de casos, simulacións, sinxelas investigacións, debates, resolución de problemas, lecturas comprensivas, obtención de información de empresas a partir de fontes externas (prensa, estudos estatísticos, informes económicos,...), etc.

Secuenciación habitual de traballo na aula:

Motivación	<ul style="list-style-type: none">• Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, imaxes,etc.
Información da profesora:	<ul style="list-style-type: none">• Información básica para todo o alumnado.• Información complementaria para reforzo e apoio.• Información complementaria para afondamento e ampliación.
Traballo persoal do alumnado	<ul style="list-style-type: none">• Lectura e comprensión dos textos.• Análise de documentos, pequenas investigación, etc.• Realización de actividades: resposta a preguntas, resolución de problemas, comentario de documentos e noticias, etc.• Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais.• Memorización comprensiva.

Avaliación

- Análise de producións.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Etc.

Fomentarase a utilización da aula virtual desde o inicio de curso para que a transición da modalidade presencial á modalidade non presencial en caso de peche das aulas pola situación epidemiolóxica sexa o máis continua e eficiente posible.

7. Materiais e recursos didácticos

Entre os que imos empregar destacan os seguintes:

Libros de texto:

- Libro de texto **recomendado**: *Economía de la Empresa*, da editorial McGraw-Hill.
- Utilización de libros de texto doutras editoriais.
- O libro gratuíto e libros de banda deseñada que o profesor José Sande ofrece na súa web: <http://www.librosdetextogratis.com/spa/libros.php>
- O libro gratuíto e libros de banda deseñada que o profesor Javier Martínez Argudo, na súa web: <http://www.econosublime.com/>

Materiais de apoio elaborados para o alumnado:

- Materiais (apuntamentos, presentacións, esquemas, gráficos, cuestionarios,...) elaborados polo profesora e subministrados aos alumnos en forma de fotocopias, proxectados na aula ou subidos á aula virtual.
- Selección de preguntas tipo máis frecuentes nas PAU, como única referencia á dispoñible á proba final para a obtención do título de bacharelato.

Textos de apoio e libros de lectura:

Bibliografía específica e selección de lecturas, incluíndo lexislación e artigos na prensa e revistas especializadas. Ao respecto, porase a disposición do alumnado o material necesario. Noutros casos estará dispoñibles en distintas páxinas web.

Recursos TIC:

- Utilización da aula de informática, na medida do posible dado o elevado grao de ocupación semanal da mesma.
- Sitios web como: www.ine.es, www.ige.es, www.empresaysociedad.org, www.pymesonline.com, www.seg-social.es, www.ico.es, www.icac.meh.es, www.ventanillaempresarial.org, etc..

Prensa:

Utilización de artigos e gráficos de prensa e revistas especializadas tanto en edición escrita como dixital: Expansión, Cinco Días, Emprendedores,...

Vídeos e documentais:

Utilización de materiais audiovisuais como vídeos particularmente relevantes para a comprensión da materia.

En caso de confinamento individual, parcial ou colectivo todos os materiais e recursos utilizados na aula estarán á disposición do alumnado no curso da Aula Virtual da materia co obxectivo de que todos e todas o teñan dispoñible.

8. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Como se indicou no [apartado 5](#), para avaliar ao alumnado, empregaranse: **probos escritos, producións do alumnado, observación directa e intercambios orais**. A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios:

Cualificación cuantitativa

Probos escritos

Faranse dúas ou tres probas escritas de contidos teórico-prácticos por avaliación. As cuestións teóricas serán preguntas curtas e haberá polo menos unha pregunta de desenvolvemento na que a claridade de exposición e a capacidade de síntese será valorada. Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno. A resolución de casos prácticos pode consistir en:

- Cálculo e interpretación da produtividade dun factor e da global e dos índices de produtividade e taxas de variación.
- Cálculo e interpretación de custos de produción: fixos, variables, totais, medios, marxinais e as representacións gráficas dos mesmos.
- Punto morto: cálculo, interpretación, representación gráfica e decisión entre comprar ou fabricar.
- Cálculo dos custos da xestión de stocks, cálculo do volume óptimo de pedido (método de Wilson)
- Elaboración de fichas de almacén: método do prezo medio ponderado e método FIFO.
- Elaboración do balance estruturado en masas patrimoniais e da Conta de Perdas e Ganancias.
- Análise económico e financeiro da empresa: cálculo e interpretación do Fondo de manobra, e de ratios (proporcionaranse as fórmulas que permiten calcular as ratios).
- Cálculo e interpretación da rendibilidade económica e da rendibilidade financeira, non se facilitarán as fórmulas.
- Selección de investimentos: Prazo de recuperación, Valor actual neto (VAN) e Taxa Interna de Rendibilidade (TIR) (o cálculo do TIR esixirase para un período de tempo non superior a dous anos).

Número de probas previstas e datas aproximadas:

A normativa establece que o alumnado de bacharelato ten dereito a tres sesións de avaliación parcial, a unha avaliación final ordinaria e a unha avaliación final extraordinaria.

Primeira avaliación		Segunda avaliación		Terceira avaliación	
Data	Unidades	Data	Unidades	Data	Unidades
Finais de outubro	1 e 2	Finais de xaneiro.	6	Finais de abril	9
Finais de novembro	3 e 4	Finais de febreiro	7	Mediados de maio	10
Finais de decembro	5	Finais de marzo	8		

Produccións do alumnado

Indicarase a data de entrega e non serán admitidas en datas posteriores, salvo casos de forza maior. Valorarase o desenvolvemento das ideas expostas, a claridade e precisión, o grao de comprensión acadado ou a orixinalidade.

Empregar calquera medio coa intención de enganar a o profesora por parte dun alumno, tanto en probas escritas como actividades supón un suspenso en dita proba ou actividade.

CUALIFICACIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE AVALIACIÓN

Cada estándar de aprendizaxe cualifícase segundo o reparto establecido no [apartado 5](#) desta programación, entre as **probas escritas e as producións do alumnado**.

Se, para algún estándar, non se puideran realizar actividades nun número suficiente, a valoración destas actividades pasará a incrementar a valoración das probas escritas. En todo caso, o alumnado sería informado con suficiente antelación.

CUALIFICACIÓN DUNHA AVALIACIÓN

Para aprobar **UNHA AVALIACIÓN** é imprescindible obter un mínimo de **5 puntos**, considerando os seguintes aspectos:

A cualificación da avaliación terá en conta que cada estándar ten o mesmo peso ou ponderación. Tendo en conta a súa distribución prevista por avaliacións, cada un ten a seguinte valoración:

Calcúlase a **media ponderada segundo o valor de cada estándar**. Así obtense unha cualificación previa. Aínda cando o grao mínimo de consecución de cada estándar sexa do 50%, **admitirase unha consecución do 40%** nalgún estándar **se a media é de 5 ou superior**.

Como **cualificación por avaliación** é numérica sen decimais, do 0 ao 10 será necesario realizar un **redondeo** segundo a actitude activa ou pasiva na clase, a participación, a regularidade ao longo do trimestre, o respecto ás normas de convivencia, a asistencia e puntualidade, a colaboración co grupo, a participación nas actividades complementarias e extraescolares que se organicen,... segundo o seguimento diario.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

A **CUALIFICACIÓN FINAL** do curso obterase aplicando os mesmos criterios que nunha avaliación, pero tendo en conta todos os estándares da materia. O redondeo farase segundo os criterios descritos con anterioridade ao longo de todo o curso.

RECUPERACIÓN E REFORZO

Para aqueles alumnos que durante o curso **non cheguen á nota de 5** nos distintos estándares de avaliación ou requiran algún reforzo, facilitaráselles **actividades de recuperación e reforzo** que poderán consistir en:

- Realizar traballos, cuestionarios, prácticas, exposicións, informes,... sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.
- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realizar unha proba específica de dominio sobre os contidos e/ou unha proba final en xuño.

Para subir nota, o alumnado poderá presentarse á proba final en maio. Con esta proba **só poderán mellorar** a súa cualificación.

Só será necesario realizar a recuperación dos estándares no que non se acade o grao mínimo de consecución establecido no [apartado 5](#). Non será necesario realizar a recuperación se en algún estándar a consecución é do **40% ou superior** e a media ponderada é de **5 ou superior**.

RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA

Cando un alumno, por motivos xustificados, non poda ser avaliado con algún dos instrumentos previstos, facilitaráselle que repita a actividade, exame,..., pódese prolongar o prazo de entrega ou substituír as actividades por outras similares ou por unha proba que permita avaliar o estándar.

De **non se xustificar a falta de asistencia**, ese estándar (ou estándares) será avaliado cun **zero**.

Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria realizarán unha **proba única extraordinaria** de recuperación no mes de **xuño**, de acordo á normativa vixente. Poderase esixir a presentación dos traballos que se asignen a cada alumno suspenso no mes de maio co obxectivo de desenvolver algúns dos procedementos que quedaron pendentes ao longo do curso. A valoración destes traballos será coñecida polo alumnado.

PROMOCIÓN

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio da profesora titora, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliados e na madureza do alumno.

- A Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia modificou, dun lado, os números 2 e 3 do artigo 10 e o número 1 do artigo 12 da Orde do 20 de maio de 2022 e, doutro lado, o número 8 do artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022. As actividades lectivas nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato re- alizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 21 de xuño de 2023. Polo tanto, o alumnado debe asistir a clase ata o día 21 de xuño inclusive (coa excepción de alumnado de segundo de bacharelato cuxo calendario final de curso debe adaptarse ás probas da ABAU). As datas das sesións de avaliación final ordinaria adecuaranse ás datas previstas para a convocatoria ordinaria da ABAU (que se prevé para os días 6, 7 e 8 de xuño de 2023).
- As probas finais da convocatoria extraordinaria realizaranse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023 (artigo 11.2 da Orde de 20 de maio de 2022).
- A sesión de avaliación final extraordinaria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

A avaliación será adaptada aos formatos que permitan comprobar de forma telemática o desenvolvemento e o esforzo do alumnado en caso de avaliación non presencial. A calendarización e secuenciación das probas de avaliación seguirán, en caso de avaliación a distancia, o descrito no punto anterior, independentemente do seu formato. Neste sentido, valorarase especialmente a adquisición das competencias mínimas esixibles establecidas nesta programación.

9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar

A avaliación inicial farase no momento da incorporación, **no mes de setembro**, ao iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Interesa obter a seguinte información:

- Coñecementos previos. Normalmente o alumnado de Economía da Empresa cursou Economía en primeiro de bacharelato, pero non é un requisito necesario. Na materia de primeiro estúdanse varios contidos relacionados coa empresa.
- As características e circunstancias persoais e as súas expectativas cara futuros estudos, o que proporciona información sobre as súas motivacións.
- A expresión oral e escrita, o razoamento matemático e as capacidades coas

TIC. Empregaranse os seguintes instrumentos:

- O primeiro día de clase, despois de realizar unha exposición presentando a materia, realizarase unha **sondaxe inicial** tratando de observar as respostas do alumnado con preguntas ou cuestións para que sexan postas en común. Serve para detectar inquietudes, motivacións e expectativas, ademais de detectar dificultades persoais de integración, convivencia, motivación, traballo en grupo,...
- Realizarase dunha **enquisa inicial** para comprobar que coñecementos previos teñen e as súas expectativas, tanto laborais como académicas. Esta non será necesaria no caso de alumnado ao que se impartiu clase no curso anterior.
- Recollida de información a través de **probos de nivel, exercicios e tarefas de clase e observación do traballo diario** nas primeiras semanas de clase. Serve para determinar cales son as capacidades e destrezas que dispón o alumnado e explorar as capacidades instrumentais básicas (lingua e matemáticas).
- O titor informará sobre os antecedentes escolares relevantes (historial escolar e problemas académicos), datos persoais, situación familiar, necesidades educativas especiais, etc. do alumnado que sexa preciso.

Despois procederase á análise e **estudo da información obtida**. De considerarse necesario, poderán adoptarse medidas como:

- Solicitar a colaboración dos pais.
- Reubicación do alumnado na aula.
- Modificación das normas de funcionamento da aula.
- Solicitar a colaboración do Departamento de Orientación.
- Adoptar medidas de atención a diversidade previstas na programación.
- Decidir modificacións da propia programación.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os instrumentos a empregar para levar a cabo esta avaliación serán:

- Reflexión persoal.
- Intercambios orais co alumnado.
- Contraste de experiencias co resto do profesorado.
- Cuestionarios de autoavaliación e ao alumnado.
- Análise estatístico dos resultados e comparación con outros cursos.

Empregaranse os seguintes indicadores, que servirán para que no Departamento se avalíen os procesos de ensino e a práctica docente:

Procesos de ensino	Indicadores de logro	Escala			
		1	2	3	4
Valoración dos resultados do alumnado	O alumnado consegue consolidar a maioría dos estándares.				
	Analízase a acusa polo que o alumnado non acadada o grao mínimo nos estándares: mala comprensión lectora, mala expresión escrita, mala capacidade de abstracción, dificultade de asimilación de conceptos teóricos, carencia de destrezas matemáticas, falta de interese e motivación, faltas de asistencia, falta de hábito de estudo, problemas persoais,...				
	Adóptanse as medidas axeitadas (individuais ou grupais) no caso de resultados negativos e da súa valoración.				
	O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Valoración das producións do alumnado	Proporciónase información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como pode melloralas.				
	Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación.				
	No caso de obxectivos insuficientemente acadados, propóñense novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
	No caso de obxectivos suficientemente acadados, propóñense novas actividades que faciliten un maior grado de adquisición.				
Valoración do traballo do alumnado na aula	Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
	Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
Valoración do traballo do alumnado na aula	Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.				
Práctica docente	Indicadores de logro	Escala			
		1	2	3	4
Atención á diversidade	As características e necesidades do alumnado son coñecidas ao comezo do curso.				
	Avánzase respectando o ritmo de cada un.				
Actividades de aula	Son diversas e adaptadas ao a alumnado.				
	Asegúrase que o alumnado comprende a tarefa a realizar e a finalidade que se pretende.				
	As actividades facilitan o traballo cooperativo.				
	As actividades fomentan a participación do alumnado e a resolución de dúbidas.				
Motivación ao alumnado	Introdúcese cada unidade con lecturas, debates, diálogos,...				
	Relaciónanse os aprendizaxes con aplicacións reais.				
	Infórmase ao alumnado sobre os progresos acadados e como superar as dificultades.				
	Estimúlase a participación activa na clase.				
	Empréganse medios audiovisuais para estimular e apoiar os contidos.				

Práctica docente	Indicadores de logro	Escala			
		1	2	3	4
	Os contidos son desenvolvidos con orde, e esta é comprendida polo alumnado.				
Avaliación	Utilízanse distintos tipos de procedementos de avaliación.				
	Hai eficacia no uso dos instrumentos de rexistro.				
	O alumnado coñece e comprende os criterios e procedementos de avaliación, cualificación e recuperación.				
	Os resultados de probas e actividades ofrécese de forma rápida.				
	Danse pautas para a mellora dos aprendizaxes, despois da corrección das probas e das producións do alumnado.				
	Os resultados de avaliación son analizados co grupo.				
Medidas de reforzo e de apoio	Faise un seguimento do alumnado segundo os seus resultados de avaliación.				
	Deséñanse medidas de reforzo e recuperación ante os resultados de avaliación.				
Coordinación e organización de persoas e recursos	Hai unha adecuada coordinación con todo o equipo docente (en particular cos que podan ter contidos afíns á materia).				
	A comunicación co titor e co Departamento de Orientación é fluída.				
	A distribución do tempo é adecuada (entre a exposición de contidos e a realización de actividades).				
	O rexistro da información cara as reunións dos titores coas familias é eficaz				
	A relación entre o alumnado e co profesorado é correcta e fluída, desenvolvéndose un clima de confianza.				
	Foméntase a participación do alumnado aceptando suxestións na organización das clases e das actividades de aprendizaxe.				
	A adecuación dos recursos empregados é avaliada con frecuencia e son corrixiados se non se consideran adecuados.				
	Incorpóranse as TIC				
	Están previstos os espazos e recursos para o desenvolvemento do programado.				
Relación coas familias	Hai unha comunicación fluída e eficaz.				
	As tarefas para casa son útiles.				

11. Medidas de atención á diversidade

As ensinanzas del Bacharelato que o alumnado curse estudos de acordo coas súas preferencias, o que recoñece a existencia de diferenzas persoais, capacidades, motivación e intereses.

As intervencións máis frecuentes para a atención á diversidade do alumnado son as referidas á organización de actividades de reforzo, pero poderanse ter en conta as seguintes:

Aspectos:	Medidas:
Contidos e temporalización:	<p>Os contidos preséntanse de forma variada e interrelacionados. Os que podan presentar dificultades ao alumnado, complementáanse con datos aclaratorios, esquemas, gráficos, mapas conceptuais, exemplos, etc.</p> <p>Poderase modificar o tempo previsto para o desenvolvemento dos contidos e acelerar ou desacelerar a introdución de novos contidos.</p>
Estándares de aprendizaxe:	<p>A distinción entre estándares complementarios e ordinarios pretende que o alumnado estableza as correspondentes prioridades e distribuír o tempo de acordo con estas.</p>
Proceso de avaliación	<p>Proporcionar ao alumnado información clara e concisa sobre os criterios de cualificación.</p> <p>Emprego de instrumentos de avaliación variados.</p> <p>Seguimento do traballo na aula en especial no caso do alumnado que requira apoio e atención máis constantes.</p> <p>Flexibilizar o momento das probas e traballos.</p>
Recursos e materiais:	<p>Dentro dos materiais e dos recursos dispoñibles, seleccionaranse os máis axeitados segundo o alumno e a materia. Proporáselles ós alumnos que aporten á clase recortes de prensa ou revistas ou que comenten noticias que lles preocupen a cada un deles, para motivalos e acercar a materia a súa vida cotiá.</p> <p>A distribución de espazos, situando na aula aos alumnos que precisen máis axuda nos lugares máis axeitados. Tamén será un factor a ter en conta no reparto dos equipos de traballo.</p>
Metodoloxía e actividades:	<p>O punto de partida é a detección de coñecementos previos e o repaso de cuestións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade.</p> <p>Ademais, utilizaranse estratexias de ensinanzas diversas, tanto estratexias de exposición como estratexias de indagación, facilitarase a comprensión mediante a utilización de materiais e recursos didácticos como vídeos, encerado, transparencias ou páxinas web, adaptándose ás características do alumnado.</p> <p>As actividades de aprendizaxe son variadas, que permitan distintas modalidades ou vías de acceso ós contidos e que presenten distintos graos de dificultade. Para elo as actividades desenvolveranse en catro niveis: de consolidación, de reforzo, de ampliación e de repaso. As</p>

	<p>actividades de consolidación pretenden que o alumnado asimile os conceptos básicos. As de reforzo están indicadas para os alumnos que non puideron asimilar estes contidos esenciais. As actividades de ampliación serven para que o alumnado afonde algún contido en especial ou que o alumnado con altas capacidades as desenvolva ao máximo e as de repaso serven para relacionar contidos novos cos xa adquiridos e ter unha visión global.</p> <p>Probar diferentes agrupamentos para os traballos en equipo ou en parellas e fomentar o aprendizaxe entre iguais.</p> <p>Cambiar de ubicación na aula para evitar situacións de conflito.</p>
Estratexias de estudo:	<p>Proporcionaranse estratexias de estudo adecuadas para cada parte da materia.</p> <p>Orientar ao alumnado na organización e planificación do estudo.</p>

12. Elementos transversais

No proceso de ensino-aprendizaxe fomentarase:

- A **comprensión lectora** e a **expresión oral e escrita**. Presente en todas as unidades. Segundo os criterios de cualificación indicados, os escritos entregados polo alumnado terán un apartado dedicado á expresión escrita na súa corrección.
- As **tecnoloxías da información e da comunicación**. Case todos os días empregaranse medios TIC. Se houbera a posibilidade, empregaríase a aula de informática.
- O desenvolvemento e afianzamento do **espírito emprendedor** e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.
- A **educación cívica e constitucional**. Presente en case todas as unidades:
 - Respecto ás normas legais sociais, laborais, fiscais e medio ambientais.
 - Compatibilidade entre beneficios económicos e beneficios sociais.
 - Responsabilidade económica e incluso penal polos danos producidos.
 - Necesidade de un sistema fiscal xusto e disuasorio de comportamentos non desexables.

- Analizar as informacións que aparecen nos medios de comunicación en relación cos problemas sociais e medio ambientais.
 - Recoñecer a importancia da formación persoal para o desenvolvemento do capital humano, da produtividade e a riqueza.
 - Reflexionar sobre a importancia dos impostos para proporcionar unha maior equidade e solidariedade
 - Reflexionar sobre as repercusións da globalización, localización e deslocalización.
- A **comunicación audiovisual**. Todas as exposicións teóricas da profesora están acompañadas de presentacións audiovisuais. Tamén se proxectarán pequenos documentais e anuncios para a súa análise.
 - A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación. O desenvolvemento da **igualdade** efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, a conciliación da vida familiar e laboral e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Tratarase en particular na unidade da xestión dos recursos humanos.
 - A aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
 - O estudo do **desenvolvemento sostible** e o medio, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con minusvalías, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes. A educación ambiental está tratada en diversas referencias en varias unidades didácticas para inculcar valores de conservación dos recursos ambientais. Ao influír na conservación dos recursos e na calidade de vida, proporcionase, ademais de unha Educación Ambiental, unha Educación para a Saúde.
 - A concienciación no ámbito da educación e a seguridade viaria, prevención dos accidentes de tráfico e as súas secuelas.

13. Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades do departamento que están previstas son as seguintes, inda que a súa execución dependerá do nivel de desenvolvemento dos contidos curriculares na aula e o avance real con respecto ás previsións, non considerándose obrigada a implementación

Actividade	Extraescolar	Complementaria
Charla funcionaria de Facenda-Axencia Tributaria no centro		X
Visita ao Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e/ou charla a cargo dos seus responsables.	X	X

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación

Durante todo o curso, nas reunións do Departamento (das que queda constancia nas actas de reunión), a Xefa controlará o desenvolvemento e cumprimento da programación. Como mínimo farase un informe por avaliación ou con menor periodicidade, se as circunstancias así o requiren.

Ao remate do curso, farase a seguinte análise da programación:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades formativas?				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación?				
Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
Fixáronse criterios para a avaliación final?				
Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Na memoria final do Departamento realizarase unha análise que, despois de reflexionar sobre os indicadores de logro anteriores, recolla os seguintes aspectos:

- Modificacións das programacións e motivos polos que se introduciron.
- Análise do cumprimento da programación (en unidades e sesións impartidas), analizando as causas das diferenzas entre o impartido e o programado.
- Conclusións sobre os resultados das avaliacións: dificultades atopadas, medidas correctivas e a súa eficacia.
- Alumnado participante, incluíndo as taxas de abandonos e motivos polos que se produciron.
- Materiais e recursos empregados.
- Atención ós alumnos pendentes: análise do procedemento de recuperación e da súa efectividade.
- Actividades complementarias e extraescolares realizadas.
- Actividades do plan de convivencia, do proxecto lector e do proxecto TIC desenvolvidas: eficacia e dificultades.
- O grao de satisfacción dos propios alumnos das materias impartidas mediante uns test de satisfacción da materia.
- Propostas de revisión das programacións.

15. Accións de contribución ao proxecto lector

É un obxectivo fundamental **acostumar aos alumnos a ler** artigos de prensa, comentarios e libros con contidos económicos e empresariais. Son varios os motivos:

- Melloran a motivación do alumnado.
- Permiten empregar metodoloxías activas, nas que o máis importante é o traballo autónomo do alumnado e aproveita para dar unha mellor resposta á diversidade.
- Establece relacións entre os contidos das distintas materias.
- Permite unha aprendizaxe máis significativa, máis práctica, funcional e máis útil para a vida, vinculando as actividades de aprendizaxe co contorno.

Neste apartado recóllense a planificación do traballo para o fomento da lectura co que esta materia pretende contribuír a **mellorar a coñecemento técnico** e a acadar os seguintes **obxectivos**:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Espertar o interese por ler en voz alta diante do grupo, de forma clara e vocalizando e entoando correctamente.
- Formar lectores competentes.
- Potenciar a comprensión lectora en galego e castelán.
- Fomentar que o alumnado a lectura como fonte de lecer.
- Fomentar o uso da biblioteca tanto no ámbito escolar como de ocio.
- Fomentar o interese e o gusto en empregar a linguaxe económica en informacións e argumentacións.
- Axudar na atención á diversidade.

En xeral, o **proceso metodolóxico** seguirá as seguintes pautas para acadar estes obxectivos:

- Na maioría dos casos ilustrarase a presentación do tema cunha lectura motivadora en voz alta (por parte da profesora ou do alumnado). O libro de texto proposto dispón de lecturas e noticias en tódalas unidades.
- Lectura do tema do libro de texto por parte do alumnado.

- Información do tema por parte da profesora.
- Preguntas e comentarios sobre a exposición e a lectura.
- Elaboración de esquemas, sínteses, mapas conceptuais por parte do alumnado.
- Realización de exercicios, actividades e traballos, simulacións,...
- Cando se entregue material de prensa ou revistas, o alumnado deberá ler, resumir e comentar.
- Indicarase as fontes de información axeitadas para cada materia e contidos.
- Insistirase sobre a necesidade de expresarse con corrección a nivel oral e escrito, empregando da forma máis precisa o vocabulario técnico propio da materia. Nas correccións de probas e traballos a profesora incluírá un apartado de valoración da expresión escrita.
- Fomentarase as preguntas públicas na clase sobre os textos que non se entenden, evitando que os alumnos se sintan cohibidos.

Para acadar os obxectivos segundo as orientacións metodolóxicas anteriores no Departamento de Economía intentarase levar a cabo as seguintes **actividades** relacionadas coa comprensión lectora:

Explicación dos fondos da Biblioteca do centro.

Periodicidade: Unha vez, no primeiro trimestre. Debido a falta de recursos na biblioteca do centro, o departamento buscará como mellorar esa dotación. Informarase ao alumnado das novas incorporacións ao longo do curso.

A prensa do día (comentando noticias de actualidade)

O obxectivo desta experiencia é que o alumno se interese pola actualidade e aprenda a interpretar a información. Consiste en distribuír ou proxectar un artigo de prensa para comentalo e relacionalo co que se estea a estudar nese momento. Periodicidade: frecuente nos meses de setembro e outubro, despois esporádico cando o requira a actualidade.

Obradoiro de prensa.

Despois de que o alumnado aprenda a comentar as noticias de actualidade, cada semana, por orde de lista, dous alumnos escollerán as noticias que lles parezan máis interesantes, máis curiosas ou que lles chamen máis a atención, de diversos xornais. As

noticias seleccionadas deberán ir acompañadas dun breve comentario e serán expostas oralmente aos compañeiros. Periodicidade: Cada semana.

Lectura en voz alta por parte do alumnado e/ou a profesora.

Lectura en voz alta de fragmentos do libro de texto, sobre textos que se proporcionan ao alumnado, sobre artigos xornalísticos, etc.

A esta actividade lectora úneselle a actividade comprensiva do que se le. Por iso, e de forma sistemática, o alumnado realiza, de forma oral ou escrita, comentarios de texto, esquemas, exposicións orais, debates e resumos dos fragmentos lidos. Se é necesario, a lectura é seguida pola explicación da profesora.

Periodicidade: Case tódolos días. En todo caso sempre coa introdución de cada tema.

Lectura individual por parte do alumnado de textos de contido económico e de empresa, incluíndo textos legais. Posteriormente o alumnado interpretará o texto facendo un comentario de textos e/ou elaborará esquemas que lles axuden a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe. Periodicidade: Con cada tema.

Uso de diccionarios.

Pódense empregar diccionarios en liña. É importante que o alumnado saiban atopar o significado técnico dun termo. Periodicidade: Ocasional

Recomendación de lecturas.

Estas lecturas poden ser ensaios, artigos de revistas ou de xornais,... e, de selo caso, o libro de texto. Entre as lecturas recomendadas, o Departamento destaca os libros de texto, lecturas de actualidade relacionadas con cada tema publicadas na Aula Virtual e os libros dos fondos da biblioteca, artigos e libros na rede e revistas e prensa.

Periodicidade: A principio de curso indicárase como entrar na aula virtual e na web do Departamento para acceder a esas recomendacións.

Realización de traballos de investigación sobre dos distintos contidos da materia.

A través destas pequenas investigacións foméntase a lectura de diversas fontes, a súa análise, a súa síntese e a súa presentación, de forma escrita ou oral. Periodicidade: Ocasional.

Actividades de busca de información en Internet. É un dos contidos esenciais da materia. Periodicidade: Dependendo do tema, frecuente.

Describir a fonte de información en Internet

Outra forma de actividade é presentar un traballo de investigación onde a produción do alumnado non sexa contestar á información requirida, se non indicar onde (que sitio web) atoparon esa información, os motivos porque a escolleron,...

Periodicidade: Esporádica.

Centros de interese e dúbidas (one-minute paper)

Consiste en pedir ao final da clase que, en só 2-3 minutos cada alumno/alumna indique o máis interesante que aprendeu nesa clase e o que lle quedou menos claro. (O exercicio é obrigatorio). A profesora empeza a clase seguinte resolvendo dúbidas, sempre respondendo ás preguntas de forma anónima.

Periodicidade: Ocasional.

16. Accións de contribución ao proxecto TIC

Xustificación

As materia contribúe dun xeito especial á consecución da competencia dixital e do tratamento da información. Son competencias imprescindibles no campo empresarial:

- Poñen á nosa disposición en coñecemento útil: detectar oportunidades de mercado nas necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novidosos ao mercado, promocionar as vendas dos produtos, contactar con provedores, novas fórmulas de financiamento,
- Serven para coñecer o contorno socio-económico, que precisan de actualizacións constantes: datos estatísticos, lexislación,...
- Axudan á elaboración da planificación e a xestión empresarial.
- Facilitan o desenvolvemento de habilidades sociais relativas ao liderado, á xestión de conflitos ou á habilidade de negociación presentes en calquera organización.

Obxectivos:

- Utilizar de Internet para a busca de información.
- Consultar e contrastar as informacións e noticias de xornais e revistas dixitais.
- Manexar a información: relacionar información, tratala de xeito autónomo e crítico.

- Expresar e comunicar ideas empregando os recursos máis axeitados e con maior poder comunicativo.
- Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita.
- Desenvolver habilidades sociais coa realización de tarefas en grupo e a participación en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante.
- Axudar na atención á diversidade.

Contidos:

- Consulta de páxinas web en busca de información.
- Utilización dos recursos do *smartbook*. O libro de texto inclúe o acceso a recursos web complementarios aos que o alumnado pode acceder.
- Utilización de aplicacións como procesadores de texto, presentacións multimedia ou follas de cálculo.

Actividades:

1. Apoio e reforzo ao alumnado empregando recursos e activades da **aula virtual** do Departamento.
2. A explicación da profesora verase **apoiada** pola utilización de **presentacións multimedia** elaboradas no Departamento.
2. Emprego de **gráficos interactivos** para comprendelos mellor (por exemplo a gráfica do modelo de Wilson) e de **vídeos** sobre cuestións económicas e empresariais.
3. **Busca e selección de información en Internet**. Uso eficaz dos buscadores.
4. **Escribir un artigo con percorridos por Internet**. Os alumnos e alumnas debe entrar nunha web e describir a súa experiencia: vantaxes e inconvenientes que se atopou, facilidade ou dificultade de atopar a información, etc.
5. Emprego de **dicionarios, tradutores e enciclopedias on line**.
6. **Busca de noticias** de edicións dixitais para comentar e debater temas de actualidade.
7. **Utilización** de follas de cálculo.

Temporalización

A aula dispón de proxector, polo que faranse actividades TIC en practicamente tódalas sesións. Acudirase a aula de informática se é posible.

17. Accións de contribución ao plan de convivencia

O tratamento transversal da educación en valores e a acción tutorial son algunhas das vías que permiten incorporar no currículo contidos da pedagogía da convivencia, como: os dereitos humanos, o respecto á dignidade, a aceptación da diversidade, o rexeitamento a calquera forma de discriminación, o exercicio do diálogo e o desenvolvemento da solidariedade.

A concreción curricular, con especial incidencia no desenvolvemento das competencias sociais e cidadás; o emprego de metodoloxías diversificadas e adaptadas aos demais elementos do currículo, a fin de dar resposta á diversidade de intereses, motivacións e capacidades presentes no alumnado; a atención á diversidade do alumnado, adecuando os procesos de ensino- aprendizaxe ás características do alumnado poden contribuír ao logro dun clima escolar que facilite o éxito escolar e revélanse como estratexias de intervención privilexiadas para reducir os problemas de convivencia.

O centro planifica obxectivos e actividades de carácter preventivo no marco do desenvolvemento do currículo e da acción tutorial, nas que se implique á totalidade da comunidade educativa, potenciando actuacións de colaboración familia- escola.

No comezo de curso todo o profesorado do centro recibe un documento coas normas de organización e funcionamento e os distintos protocolos de actuación. O titor ou titora le e explica ao grupo correspondente, aclarando as dúbidas do alumnado.

En liñas xerais, a acción educativa do Departamento de Economía ten como obxectivo a formación humana do alumnado e a promoción de valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e o respecto aos demais, entendendo o centro como marco de convivencia, de traballo e de responsabilidade.

Os obxectivos fundamentais perseguidos son:

- Axuntar esforzos para crear unha boa convivencia no centro.
- Propiciar o respecto, diálogo e entendemento entre todos os membros da comunidade escolar.
- Instaurar o sentimento de pertenza ao grupo, de xeito que todo o alumnado se sinta acollido e respectado.

- Axudar a resolver os conflitos de maneira pacífica, utilizando analoxías coa lexislación laboral.
- Corrixir calquera tipo de manifestación xenófoba, homófoba e/ou sexista.
- Adquirir actitudes de axuda cara aos compañeiros e compañeiras.

18. Información ao alumnado e ás familias

Esta programación será obxecto de información ás familias e ao alumnado, polas seguintes vías:

- Explicación nos primeiros días de clase, na presentación da materia.
- Publicación no taboleiro da aula.
- Publicación na páxina web do Departamento de Economía.

A información publicada será un resumo, constando os seguintes apartados:

Apartados do resumo:	Apartados desta programación:
Que imos estudar?	Contidos, no apartado 4
Que ides aprender?	Criterios de avaliación, no apartado 5
Que tedes que saber e como o ides demostrar?	Estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación, no apartado 5
Cal é o mínimo esixible?	Grao mínimo de consecución, no apartado 5
Como se vai avaliar e cualificar?	Procedemento de avaliación, criterios de cualificación e probas previstas, no apartado 8
E se tedes que recuperar?	Procedementos de recuperación, no apartado 8
Que materiais necesitaredes?	Libro de texto, no apartado 7